



# BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 205

VII lexislatura

27 de setembro de 2006

## SUMARIO

(Versión electrónica en [www.parlamentodegalicia.es](http://www.parlamentodegalicia.es))

### 1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.2. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.2.1. Proxectos de lei

#### Emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de lei de horarios comerciais de Galicia

—Do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 12589)

22085

### 3. Procedementos de control e impulso

#### 3.2. Comunicazóns da Xunta de Galicia

##### 3.2.1. Comunicación da Xunta de Galicia

- 07/DEBA-0001(11377)

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Do Sr. presidente da Xunta de Galicia, para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia 22088

### 7. Composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

#### 7.3. Organización e funcionamento do Parlamento

##### 7.3.3. Convocatorias

—Sesión plenaria (día 3 de outubro de 2006, ás 10.00 horas) 22084

## 1. Procedementos de natureza normativa

### 1.2. Proxectos e proposicións de lei

#### 1.2.1. Proxectos de lei

#### Emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de lei de horarios comerciais de Galicia

A Mesa da Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na reunión do 22 de setembro de 2006, adoptou os seguintes acordos:

Cualificación de emendas:

- 07/PL-0013(11738)

De lei de horarios comerciais de Galicia

BOPG núm. 187, do 31.08.2006

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan ós requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acordan a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas á totalidade (un total de unha)

—Do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 12589)

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2006

Dolores Villarino Santiago

Presidenta

## 3. Procedementos de control e impulso

### 3.2. Comunicacions da Xunta de Galicia

#### 3.2.1. Comunicación da Xunta de Galicia

A Mesa do Parlamento, na reunión do 10 de agosto de 2006, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite pola Mesa e traslado á Xunta de Portavoces:

- 07/DEBA-0001(11377)

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Do Sr. presidente da Xunta de Galicia, para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia

A Mesa toma coñecemento do escrito da Xunta de Galicia polo que se solicita, ao abeiro do artigo 48 da Lei reguladora da Xunta e do seu presidente, a realización dunha sesión plenaria específica, coa comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia.

Tendo en conta o acordo da Xunta de Portavoces relativo á convocatoria de sesión plenaria para o vindeiro día 3 de outubro de 2006, ordénase a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2006

Dolores Villarino Santiago

Presidenta

## 7. Composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

### 7.3. Organización e funcionamento do Parlamento

#### 7.3.3. Convocatorias

#### Sesión plenaria (día 3 de outubro de 2006, ás 10.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno da Cámara para realizar sesión o próximo día 3 de outubro de 2006, ás 10.00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 26 de setembro de 2006, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto único.- Debate anual de política xeral: Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (*doc. núm. 11377 07/DEBA-0001*)

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2006

Dolores Villarino Santiago

Presidenta

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade**, con **petición de devolución**, ao Proxecto de lei de horarios comerciais de Galicia (07/PL-0013-11738), BOPG número 187, de 31 de agosto de 2006.

As causas que xustifican a solicitude de devolución deste proxecto poden sintetizarse nas seguintes:

1. Este proxecto de lei impide unha regulación integral e integrada do comercio do noso País, xerando unha dispersión que atenta contra o principio de seguridade xurídica. A regulación dos horarios comerciais en Galicia debería estar integrada na lei xeral de comercio interior.
2. O texto que se presenta a este Parlamento é contradictorio, por un lado pretende, como di a súa exposición de motivos: "*..... a conciliación da vida familiar e laboral, contendo medidas encamiñadas a fomentar o descanso de todos os cidadáns e cidadás –sen excepción– nos festivos máis significativos*", mentres que o seu articulado non establece o tempo máximo diario de apertura dos establecementos comerciais, fixando unhas franxas horarias incompatibles, en opinión de tódalas organizacións sindicais galegas, coa conciliación pretendida.
3. O proxecto de lei non establece ningún mecanismo que garanta o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, obviando o principio de transversalidade.
4. A inconstitucionalidade esta presente neste proxecto de lei, ó atentar contra a lei 1/2004, do 21 de decembro, de Horarios Comerciais con base no artigo 149.1.13ª da C.E., lexislación básica do Estado, que establece un réxime de plena liberdade para determinados establecementos, réxime que se vulnera no articulado do proxecto de lei ao establecer determinadas restricións.
5. A contradición do proxecto de lei é unha constante, o obxecto do mesmo, que ben definido con claridade no seu artigo 1: "...a regulación dos horarios de apertura e peche dos establecementos comerciais no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia", non abrangue o establecido no seu artigo 9, que entra na regulación da determinación dos municipios turísticos.

6. Finalmente pódese afirmar que o proxecto de lei outorga á Consellería competente en materia de Comercio un cheque en branco, a traveso da disposición adicional segunda, permitíndolle modificar os días inhábiles a efectos comerciais establecidos no articulado, polo que se establece unha nova vía de conculcación da finalidade da lei, e que xa foi mencionada no anterior punto 2.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2006

Asdo.: Xosé Manuel Barreiro Fernández  
Portavoz do Grupo Popular

Ángel Bernardo Tahoces  
Deputado do Grupo Popular

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Barreiro Fernández na data 18/09/2006 17:51:31**


**Ángel Bernardo Tahoces na data 18/09/2006 17:51:39**




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias



Pazo de Raxoi  
SANTIAGO DE COMPOSTELA



No artigo 48 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente -na modificación que nela introduciu a Lei 11/1988, do 20 de outubro-, establece que "a Xunta solicitará anualmente do Parlamento, ao comenzo dun dos períodos ordinarios de sesións, a celebración dun debate de política xeral".

Estando próximo o incio dun novo período de sesións e coa intención de dar axeitado cumprimento ao citado artigo, solicito en nome da Xunta de Galicia a celebración dese debate de política xeral para a primeira sesión plenaria que o Parlamento vaia celebrar no mes de outubro do ano corrente.


A referida sesión será específica para tal debate e conterá un só punto na súa orde do día:

**"Comparecencia do Excmo. Sr. Presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia".**

Recollendo as prácticas parlamentarias, é intención da Xunta que na citada sesión, e logo das intervencións do Presidente da Xunta e dos grupos parlamentarios, se presenten e voten as propostas de resolución que os grupos consideren oportuno formular.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2006

O director xeral de Relacións Parlamentarias

  
Manuel Guillermo Varela Flores

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

**BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**  
**ESTRUCTURA**

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
  - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
  - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
  - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
  - 2.1 INVESTIDURA
  - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
  - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
  - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
  - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
  - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
  - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
  - 3.5 MOCIÓNS
  - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
    - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
    - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
  - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
  - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
  - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
  - 4.2 INTERPELACIÓNS
  - 4.3 PREGUNTAS
  - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
  - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
  - 5.1 SOLICITUDE O GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
  - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
  - 5.3 VALEDOR DO POBO
  - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
  - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
  - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
  - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
  - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
  - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
  - 6.5 VOCAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
  - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
  - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
  - 6.8 VOCAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
  - 6.9 VOCAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
  - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
  - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
  - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
  - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
  - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
8. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA
  - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
  - 8.2 PERSOAL
  - 8.3 ACTIVIDADES
9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
  - 9.1 INFORMACIÓNS
  - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS



---

## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

---